

O GROVE

A N U N C I O

O Pleno municipal aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do uso das praias do Concello do Grove. Durante o prazo de exposición pública non se formulou reclamación algunha contra da mesma, polo que resultou definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a Ordenanza aprobada pódese interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO CONCELLO DO GROVE*DISPOSICIÓN XERAIS**TÍTULO I: OBXECTO E DEFINICIÓNS**ARTIGO 1. OBXECTO*

A presente ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello do Grove, conxugando o dereito de todos a gozar destas co deber que o Concello do Grove, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, de regular as condicións xerais de utilización e gozo polos usuarios da praia para a seguridade, a saúde pública e a protección do medio ambiente, así como reforzar a imaxe turística do noso litoral.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta ordenanza será de aplicación no termo municipal do Grove, no espazo que constitúe o dominio público marítimo-terrestre definido no título I da Lei de costas e/ou que teña a consideración de praia, sen diminución das competencias doutras administracións na materia.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

A competencia nesta materia quédalle atribuída á Concellería de Turismo ou Medio Ambiente do Concello do Grove.

No entanto, esta competencia non inhire das propias ao resto de concellerías no que á materia obxecto desta ordenanza lles puidese afectar.

ARTIGO 4. DEFINICIÓNS

Para os efectos da presente ordenanza, e de acordo coa normativa estatal básica e a autonómica aplicable, enténdese como:

- a) Praias: as praias ou zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpas, bermas e dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou do vento mariño, ou outras causas naturais ou artificiais.
- b) Augas de baño: calquera elemento de augas superficiais nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, practícase por un número de persoas.
- c) Zonas de augas de baño: áreas xeograficamente delimitadas dun termo municipal compostas por unha praia e as súas augas de baño.

En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para o efecto.

Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

- d) Zona de varada: aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente listadas.
- e) Acampada: instalación de tendas de campaña, parasoles non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.
- f) Campamento: acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.
- g) Bandeiras de sinalización de habilitación para o baño: determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño.

As bandeiras clasificaranse por cores, indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

- Verde: apto para o baño.
- Amarela: precaución. Permitirá o baño con certas restricións.
Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou debido á existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
- Vermella: prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou a saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas

No entanto, as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente o perigo para previr.

- h) Animal de compañía: todo aquel que, sendo doméstico ou silvestre, é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista actividade lucrativa ningunha sobre el.
- i) Pesca marítima de recreo: enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución ningunha e sen ánimo de lucro.

A pesca marítima de recreo poderá ser exercitada en superficie, desde unha embarcación ou a pé desde a costa, e submarina, nadando ou mergullándose a pulmón libre.

- j) Tempada de baño: é o período de tempo en que pode preverse unha afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos ou costumes locais.

Para efectos da presente ordenanza, normalmente enténdese por tempada de baño o período comprendido entre o día 15 de xuño e o 15 de setembro de cada ano, aínda que o Concello do Grove poderá variar as ditas datas en función de determinadas circunstancias e praias, como por exemplo, as climatolóxicas.

ARTIGO 5. APERCIBIMENTO

1. A autoridade municipal ou os seus axentes poderán apercibir verbalmente a quen infrinxa calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, a fin de que de forma inmediata cese a actividade prohibida ou realice a obrigaçión debida; iso sen prexuízo da incoación dun expediente sancionador cando cumpra ou, de ser o caso, da remisión dun parte de denuncia á administración competente.
2. Persoal e o voluntariado do Servizo de Protección Civil e Emerxencias e da Unidade Marítima de Salvamento e Rescate colaborará e apoiará as autoridades e os seus axentes no seu labor para lle dar cumprimento ao establecido na presente ordenanza, comunicándolles as infraccións e apercibindo ao posible infractor de que, de persistir na súa actitude, lle trasladarán unha denuncia á autoridade que corresponda.
3. Público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poida realizar o persoal e o voluntariado do Servizo de Protección Civil e Emerxencias e da Unidade Marítima de Salvamento e Rescate, así como cantas disposicións existentes ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

*TÍTULO II: NORMAS BÁSICAS DE USO**ARTIGO 6. USO COMÚN XERAL*

1. A) A utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza daquela, sempre que se realicen de acordo coas leis, regulamentos, e coa presente ordenanza.
B) O Concello informará de praias con zoas preferentes para a practica do naturismo ou nudismo, as que promocionará nos circuítos de naturismo nacionais e internacionais.
2. O paseo, a estancia e o baño pacífico na praia e no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.
3. Non se permitirá o uso de aparellos sonoros ou instrumentos musicais cando polo seu volume poidan molestar o resto das persoas usuarias.
4. As instalacións que se permiten nas praias, de acordo co Plan de explotación anual, así como os seus servizos, serán de libre acceso público, salvo que por razóns de seguridade ou interese público, debidamente xustificadas, se autorizen outras modalidades de usuarios.
5. O Concello poderá habilitar praias onde sexa permitida a presenza de cans nos horarios de baño.

ARTIGO 7. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL

1. A realización de calquera tipo de actuación, ocupación ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente ordenanza, deberá dispor da preceptiva autorización municipal.
2. Considéranse actividades ou instalacións temporais extraordinarias nas praias aquelas que, de acordo coa natureza da actividade, se realicen de xeito ocasional, con data e espazo determinados.

*TÍTULO III: LIMPEZA E HIXIENE DA ZONA DE BAÑO E A CALIDADE DA AUGA**ARTIGO 8. MANTEMENTO E LIMPEZA*

No exercicio das competencias que a vixente ordenación xurídica lle atribúe ao Concello do Grove en relación coa limpeza das praias deste termo municipal, realizaranse as seguintes actividades:

- a) Retirada das praias de todos aqueles residuos que se mesturan cos materiais soltos (area, grava etc.) da súa capa superficial ou dispostos nesta.
- b) Baleirado e limpeza das papeleiras públicas e demais recipientes de residuos sólidos dispostos nas praias.

O Concello do Grove disporá a instalación de papeleiras ao longo de toda a praia, dependendo das necesidades de cada zona.

Nas praias do termo municipal do Grove, a súa limpeza será realizada coa frecuencia e o horario previstos para a adecuada xestión do servizo.

ARTIGO 9. CONCIENCIACIÓN CIDADÁ

O Concello poderá realizar campañas de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente, así como de seguridade e participación cidadá, mediante as accións formativas e divulgativas que estime oportunas.

Queda prohibido calquera acto que puidese ensuciar as praias, estando obrigado o responsable á súa limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

ARTIGO 10. RESIDUOS

1. A. Queda prohibido botar na praia, nas súas inmediacións, nos seus accesos ou na auga calquera residuo como papeis, restos de comida, latas, botellas, restos vexetais, cabichas etc.
B. Queda prohibido abandonar na praia calquera tipo de aparellos voluminosos tales como neveiras, cadeiras, antucas, mobles, así como caixas, embalaxes etc. Para depositar estes obxectos, deberán utilizar só os colectores que se instalen para tal fin ou o punto limpo municipal.
2. Nas zonas ou parcelas ocupadas, calquera que sexa o seu uso, o concesionario da devandita zona é responsable da súa limpeza. Deste xeito, todos os concesionarios deberán dispor de papeleiras distribuídas proporcionalmente ao longo da superficie da parcela.
3. Os residuos depositaranse nos correspondentes colectores que para o efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais, quedando prohibido depositar nas papeleiras obxectos voluminosos tales como esteiras, antucas, colchóns ou calquera obxecto similar.
4. O uso correcto dos colectores pasa por seguir as seguintes normas:
 - Non poderán verterse neles líquidos, cascallos, madeiras etc., nin animais mortos.
 - Non se depositarán materiais en combustión (cigarros acesos, ascuas etc.).
 - O lixo depositarase no interior do colector e evitarase a acumulación de residuos ao redor. En caso de atopalo cheo, haberá de realizarse o depósito no colector máis próximo.
 - O lixo deberá depositarse en bolsas perfectamente pechadas.
5. Os restaurantes situados nas praias deberán en todo momento respectar os horarios establecidos polo Concello do Grove para realizar o depósito dos residuos procedentes do devandito negocio, e serán sancionados se incumpren esta norma.
6. Non se poderán limpar na area da praia nin na auga do mar os recipientes que previamente foron empregados para depositar elementos ou materias orgánicas
7. Quen vulnere estas prohibicións deberá retirar os residuos e depositalos conforme o establecido neste artigo, a requirimento dos axentes da autoridade, sen prexuízo de que estes lle remitan un parte de denuncia á administración competente para instruír o oportuno expediente sancionador, se resulta procedente.
8. Desde o Concello realizaranse campañas de concienciación cidadá para evitar estas accións prexudiciais para todos. Estas campañas poderán ser de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente mediante as accións divulgativas que se estimen oportunas.
9. Os pescadores poderán realizar nas zonas habilitadas as súas faenas de limpeza de artes.

ARTIGO 11. NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO

1. Queda prohibido lavarse na auga do mar ou na praia utilizando xabón, xel, xampú ou calquera produto similar.
2. Queda prohibido darlles ás duchas, lavapés e mobiliario urbano en xeral situado nas praias un uso distinto ao que lles é propio; deste xeito, sancionarase as persoas usuarias que nas devanditas instalacións xoguen, pinten, limpen aveños de cociña, se laven ou se duchen usando os produtos de hixiene enumerados no punto anterior, sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que se poidan esixir por estes actos.
3. Quen vulnere estas prohibicións deberá cesar de inmediato a súa actividade, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal dos servizos municipais, sen prexuízo de que estes lle remitan un parte de denuncia á administración competente para instruír o oportuno expediente sancionador, se resulta procedente.
4. Non estará permitida a evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.

5. Concello do Grove poderá dotar as praias, segundo os medios de que dispoñan, de aseos fixos ou temporais para unhas boas condicións hixiénico-sanitarias.

ARTIGO 12. SEGURIDADE

1. Queda totalmente prohibido realizar lumes directamente sobre o chan da praia, area, pedras ou rochas, agás nos eventos autorizados polo Concello e sempre e cando non se realicen directamente na area.
2. Queda especialmente prohibido o uso de bombonas de gas e o emprego de líquidos inflamables (carburantes...), o abastecemento de combustible nas praias, así como o vertido ao mar de lixo ou residuos de calquera natureza desde embarcacións, motos náuticas ou artefactos flotantes, cuxa manipulación se realizará seguindo as máis estritas normas de seguridade e baixo a responsabilidade da persoa que a realice.
3. Queda prohibido cociñar na praia.
4. Prohíbese tamén o uso de bengalas ou material pirotécnico que non sexa de urxencia ou emerxencia.
5. Queda prohibida a ocupación de espazo público para o pintado ou calquera operación de mantemento ou reparación de embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, remos, cabos, rizóns e similares, agás nas zonas habilitadas para o efecto.

ARTIGO 13. DEREITO DE INFORMACIÓN

1. As persoas usuarias terán dereito a seren informadas polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.
2. O Concello daralles a publicidade necesaria aos informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño.
3. No exercicio do deber de velar pola protección da saúde, o Concello do Grove:
 - Sinalizará os equipamentos de servizos públicos, así como as limitacións de uso que puidesen existir nestes.
 - Sinalizará a prohibición de baño, se a houber, conforme o establecido por algún organismo competente en materia de saúde, en tanto que a devandita prohibición non desaparecese e así fose comunicado.
 - Clausurarán as zonas de baño, se for necesario, cando así veña acordado por algún organismo competente en materia de saúde, en tanto que o motivo da dita clausura non desaparecese e así fose comunicado.

TÍTULO IV: COLOCACIÓNS**ARTIGO 14. AUTORIZACIÓNS**

1. A colocación de calquera tipo de instalación deberá contar coa preceptiva autorización municipal e reunir as condicións sinaladas con carácter xeral na presente ordenanza e na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.
É potestade do Concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo previsto nesta ordenanza, establecer as zonas onde situar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta ordenanza.
2. No que respecta ás concesións, autorizacións e licenzas, esta ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma específica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento e poderá ter unha duración de ata 4 anos.

Non se permitirá a delimitación, polos particulares, da zona obxecto de concesión.

Todos os elementos que se instalen no espazo público obxecto desta ordenanza deberán responder aos requisitos de homologación de acordo coa súa normativa específica de normalización. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

3. Será obrigación do titular ou concesionario manter as instalacións e elementos permanentes nas debidas condicións de seguridade e hixiene. Para ese efecto, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida e evacuación dos residuos xerados.

ARTIGO 15. PREVENCIÓNS

Débense respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, rampas etc.

Non se permitirá ningunha obra fixa no espazo público obxecto desta ordenanza, salvo a previamente autorizada, nin deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

ARTIGO 16. PUBLICIDADE

Respecto dos soportes publicitarios e a publicidade comercial en xeral na zona de dominio público, esta axustarase ao establecido nas disposicións municipais que a regulen ou, de ser o caso, pola lexislación vixente que lle sexa de aplicación.

TÍTULO V: VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO E SEGURIDADE NA PRAIA

ARTIGO 17. SEGURIDADE DOS BAÑISTAS

Co fin da prevención en materia de seguridade e salvamento e, se é o caso, das vidas humanas, as praias do Grove dotadas de Bandeira Azul disporán durante a tempada de baño de servizos de salvamento e socorrismo. O Concello do Grove poderá dotar do Servizo de Salvamento e Socorrismo a outras praias do termo municipal.

O Servizo de Protección Civil e Emerxencias e a Unidade Marítima de Salvamento e Rescate atenderán os postos de salvamento e socorrismo existentes nas praias exclusivamente durante o horario que determine o Concello e que figure exposto nos carteis indicadores situados nas praias.

Nas praias onde se preste o servizo de salvamento, existirá un conxunto de medios humanos e materiais que posibilite a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación e de seguridade e protección. As funcións deste servizo circunscribíense fundamentalmente ás zonas balizadas para o baño ou sinalizadas mediante bandeiras e, concretamente, ás seguintes:

- Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación da contorna ambiental.
- Garantir a primeira atención sanitaria.
- A procura de persoas desaparecidas.
- A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar, e avisos de emerxencia aos usuarios.
- Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de persoas accidentadas.
- Velar pola seguridade dos postos de socorro e instalacións e medios do servizo, garantindo o correcto funcionamento do dispositivo dispostos e non permitindo a permanencia de persoal non autorizado ou alleo ao servizo.
- Informar ás persoas usuarias das embarcacións con motor e de esquí acuático das prohibicións ou limitacións para a súa práctica.
- Manter a zona destinada ao baño totalmente despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para os bañistas.

- Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.
- En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa para os usuarios.
- Axudar a embarcacións e persoas que realicen prácticas náutico-deportivas nas zonas próximas ás praias.

ARTIGO 18. DAS OBRIGACIÓNS DOS BAÑISTAS

O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar o persoal e os voluntarios do Servizo de Protección Civil e Emerxencias e da Unidade Marítima de Salvamento e Rescate, as autoridades e os seus axentes, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de salvamento e socorrismo ou ben nas praias sen servizo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos e fóra das zonas balizadas ou sinalizadas para o baño.

Recoméndaselles ás persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade para a que o baño poida constituír algún risco, que poñan esta circunstancia en coñecemento do Servizo de Protección Civil e Emerxencias do Concello do Grove para os efectos de que adopten, de ser o caso, as medidas pertinentes.

Así mesmo, na zona de balizamento de entrada e saída de embarcacións queda prohibida a permanencia e o baño de usuarios e usuarias.

ARTIGO 19. PERSOAL DO SERVIZO DE SOCORRISMO E SALVAMENTO

Na prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo deberán intervir:

- a) Un/unha coordinador/a de servizo.
- b) Un/unha responsable de praia ou posto.
- c) Un/unha socorrista acuático/a por torre de vixilancia e/ou proximidade.
- d) Entre o persoal haberá sempre alguén que dispoña de coñecementos técnico-sanitarios ou de primeiros auxilios e un patrón por embarcación de rescate ou salvamento.

O socorrista acuático permanecerá na súa área de responsabilidade sen poder exercer simultaneamente ningunha actividade engadida á asignada.

Todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria deberá dispor da titulación oficialmente recoñecida que o acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.

Os postos poderán contar con persoal voluntario que colabore co persoal contratado no servizo, coa titulación ou formación axeitada ao posto para desempeñar, sendo un complemento dos recursos humanos do propio servizo. O Concello do Grove establecerá os oportunos convenios de colaboración.

ARTIGO 20. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO

Con carácter xeral, os recursos materiais por praia serían:

- a) carteis informativos en cada acceso
- b) torre de vixilancia e de proximidade
- c) bandeiras de sinalización
- d) embarcación de rescate nas praias de bandeiras azuis
- e) equipo de salvamento.

- f) material sanitario e caixa de urxencias de primeiros auxilios
- g) megafonía
- h) sistemas de comunicación

ARTIGO 21. POSTOS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO

As características da instalación e equipamento do posto serán as necesarias para abordar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria.

O número mínimo estimado será dun posto de salvamento por praia recomendada.

Os requisitos mínimos serían:

- a) É imprescindible dispor de luz eléctrica e auga.
- b) Ter unha sala de curas con piso e paredes de fácil limpeza e chan antiescorregadizo. Disporá de lavabo e/ou lavapés. Espazo para padiola de recoñecemento. Moble/andel e mesa para útiles, toma de datos etc.
- c) Mastros para a sinalización correspondente.
- d) Sistema de megafonía, co fin de informar e comunicar incidencias.
- e) Sistema de recollida de residuos sanitarios.

ARTIGO 22. VIXILANCIA

- a) O Concello instalará os postos que considere necesarios co fin de vixiar adecuadamente a contorna das zonas de baño. Nos postos de salvamento instalaranse mastros de sinalización que izarán as bandeiras necesarias de acordo co establecido nesta ordenanza.

Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella.

- b) Quen vulnere a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal do Servizo de Protección Civil e Emerxencias, deixará de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo de que se lle remita un parte de denuncia, para a instrución do oportuno expediente sancionador.
- c) Dependendo das necesidades e posibilidades na prestación do servizo, poderase dispor a utilización de vehículos: embarcacións e motos acuáticas de rescate, vehículos de loxística e apoio.

ARTIGO 23. BALIZAMENTO DAS ZONAS DE BAÑO

As funcións deste servizo circunscribíense ás zonas balizadas para o baño.

ARTIGO 24. PREVENCIÓNS

No caso da existencia de refachos de vento, co fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal do Servizo de Protección Civil e Emerxencias poderán ordenar o peche de todo tipo de parasoles, cadeiras, hamacas etc.

Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas ou de calquera elemento disposto no chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo posible dano físico ou contaminación.

TÍTULO VI: ANIMAIS**ARTIGO 25. PRESENZA**

O obxecto do presente título é o de previr e controlar as molestias e perigos que os animais lles poidan causar, tanto ás persoas como ás instalacións.

Está prohibido o acceso aos areais e praias con animais, desde o 1 de xuño ao 31 de setembro no horario de baño establecidos polo Concello. Nas de bandeiras azuis dependerá da normativa vixente, podendo estar prohibida a súa presenza durante a tempada de baño

En calquera caso, a persoa propietaria ou acompañante do animal considérase responsable dos danos, molestias e prexuízos que este lles ocasione ás persoas, obxectos ou ao medio natural en xeral, con relación ao sancionado na presente ordenanza e, no non previsto nela, ao establecido nas disposicións vixentes nesta materia.

Fóra da tempada de baño, as persoas que conduzan ou leven cans ou outros animais deberán impedir que estes lles causen molestias aos demais usuarios das praias.

ARTIGO 26. PREVENCIÓNS

Fóra da tempada de baño, as persoas que conduzan cans ou outros animais deberán impedir que estes realicen as súas deposicións na praia.

En calquera caso, o propietario ou acompañante do animal está obrigado a recoller e retirar os excrementos e incluso deberá limpar a parte da vía pública que fose afectada.

ARTIGO 27. EXCEPCIÓNS

Queda autorizada expresamente a presenza na praia de cans guía en compañía da persoa a quen sirvan, así como de cans destinados a labores de auxilio ou salvamento, sen prexuízo da responsabilidade dos seus posuidores ou propietarios das medidas para adoptar para lle evitaren molestias ou riscos innecesarios ao resto de persoas usuarias da praia.

TÍTULO VII: PESCA

ARTIGO 28. DA ACTIVIDADE

Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, prohíbese a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns, excepto entre as 21.00 e as 9.00 horas, ambas inclusive, para evitar os danos que os aparellos utilizados lles poidan causar ao resto das persoas usuarias.

No entanto, calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido quedará supeditada á ausencia de usuarios na praia.

En casos excepcionais, tales como feiras, concursos etc., poderá autorizarse a práctica da pesca, debendo respectar as persoas participantes os lugares, horarios e condicións que estableza a autorización do organismo competente.

ARTIGO 29. RESTRICIÓNS

Para a protección e a seguridade das persoas usuarias da praia, non se permite:

- a) A entrada nin a saída ao mar desde a praia dos pescadores submarinos co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou doutros instrumentos de pesca submarina que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.
- b) A manipulación en terra de calquera instrumento de pesca que poida supor un risco para a seguridade das persoas.

TÍTULO VIII: CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NAS PRAIAS

ARTIGO 30. NORMA XERAL

Constitúen as praias un ben de dominio público. Tanto na súa modalidade de uso, como de servizo público, prohíbese expresamente o uso privativo destas.

1. Queda prohibido en toda a extensión da praia, incluíndo a zona de dunas, o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, de dúas ou máis rodas, der tracción mecánica ou animal, e expresamente as motos e os quads.
2. Exímense da devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados para as persoas con diversidade funcional, así como a utilización na auga do mar dos deseños especialmente para tal fin.

ARTIGO 31. EXCEPCIÓNS

A prohibición a que se refire o artigo anterior non será de aplicación para aqueles vehículos que con carácter extraordinario procedan á retirada de residuos, mantemento e vixilancia das praias, tales como tractores. Fóra do horario de baño, autorízase a recollida tradicional das algas.

Os referidos vehículos non poderán quedar estacionados na praia ou zona de baño, e deberán retirarse logo de terminar a actuación que motivou o seu acceso á referida praia ou zona de baño.

TÍTULO IX ACAMPADAS NA PRAIA

ARTIGO 32. ACAMPADA

Non está permitida durante todo o ano e a calquera hora a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo nas nosas praias por razóns de protección dos espazos de interese natural paisaxístico ou cultural. Para unha mellor utilización e goce da nosa praia, só serán permitidos parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras e mesas de complemento.

Entenderase por acampada a instalación de tendas de campaña ou de vehículos ou remolques habitables. Entenderase por campamento a acampada organizada dotada dos servizos establecidos pola normativa vixente.

ARTIGO 33. OCUPACIÓN

- a) Queda prohibido deixar instalados os elementos enunciados no punto anterior, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, polo simple feito de ter reservado un lugar na praia.
- b) Queda prohibido o acoutamento ou parcelamento de zonas de praia, agás por obras ou servizos.
- c) O persoal municipal ou a Policía Local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais.
- d) Unha vez retirados os devanditos elementos ou depositados en dependencias municipais, só poderán ser devoltos aos seus donos cando presenten un xustificante que acredite a súa propiedade.
- e) Independentemente do anteriormente establecido, o infractor deberá facer efectiva a sanción, se é o caso, antes de retirar os utensilios das dependencias municipais.

TÍTULO X: EMBARCACIÓNS

ARTIGO 34. NAVEGACIÓN

1. Nas zonas exclusivas de baño debidamente balizadas estará prohibida a navegación deportiva e de recreo e a utilización de calquera tipo de embarcacións ou medio flotante movido por calquera que sexa a súa propulsión, de acordo co disposto no Regulamento de Costas (RD 1471/1989, do 1 de decembro).
2. Nas zonas de baño non balizadas queda prohibida a navegación na franxa de mar contigua á costa de 200 metros de anchura en praias e 50 metros no resto da costa, excepto para a saída á zona autorizada de navegación e para a varada na praia. Nestes casos, as embarcacións, motos náuticas e artefactos de praia de vela ou de motor, farano coas debidas precaucións

para evitar accidentes, preferentemente polos extremos das praias onde a afluencia de bañistas é menor, de forma perpendicular á costa e sempre a unha velocidade reducida, que non superará os tres nós. Toda embarcación, moto náutica ou artefacto de praia, en presenza de persoas na auga, diminuírá a súa velocidade ao mínimo ou parará, e adoptará todas as medidas ao seu alcance para evitarlles danos aos bañistas.

3. Nos canais de acceso dunha praia balizada, queda prohibido o baño, o mergullo, o uso de patíns de hidropedais, o fondeo de embarcacións e a realización de calquera tipo de navegación ou manobra distinta ás de entrada na praia e saída ao mar desde ela, excepto en situación de perigo. A velocidade no seu interior será inferior a tres nós.
4. Esta prohibición non lles será de aplicación a aquelas embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo. Estas non deberán superar a velocidade de tres nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitarlles riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

No referente ás normas para a utilización de embarcacións e artefactos flotantes que afectan tamén a bañistas e mergulladores, estarase ao disposto na normativa vixente, resumida no edicto anual publicado pola capitanía marítima correspondente, antes do inicio da tempada de baño e á disposición pública no taboleiro de anuncios do Concello do Grove.

ARTIGO 35. ESPAZO PÚBLICO

- a) Non se permite a ocupación de espazo público sen autorización, así como o abandono en zona pública de obxectos, artefactos, elementos que se enuncian a continuación: embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, remos, cabos, rizóns e similares.

En tales casos a autoridade competente correspondente redactará a respectiva acta descritiva da situación, características do artefacto, obxecto ou elemento e titularidade. A continuación, requirirase ao infractor titular, para que se retire o elemento en cuestión nun prazo de 24 horas, indicando, a modo de advertencia no mesmo requirimento que, en caso do seu incumprimento, o antedito requirimento servirá de orde de execución da retirada inmediata por incumprimento unha vez transcorridas as 24 horas antes indicadas, e o Concello efectuará de forma subsidiaria e con repercusión dos custos municipais a cargo do infractor titular, para depositalo nun recinto municipal.

- b) No caso de ser imposible o requirimento, a pesar de ter identificado o infractor titular, por non localización deste, procederase de forma preventiva á retirada, facendo constar o inspector na acta tal circunstancia, expondo no taboleiro municipal tal medida de retirada.
- c) En caso de non existir medio identificativo da titularidade do obxecto, artefacto ou elemento, procederase a reflectir na acta tales extremos e quedará facultado o inspector para proceder á retirada a modo de medida preventiva dos obxectos, artefactos, elementos antes enunciados e o seu depósito nun recinto municipal habilitado para tales efectos.

En todos os casos antes relatados en que non estea presente o infractor ou titular, no momento de proceder o servizo municipal á retirada do obxecto, artefacto ou elemento, publicarase o feito no taboleiro municipal para o seu coñecemento.

ARTIGO 36. EMBARCACIÓNS

Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán en todo momento cumprir as normas establecidas respecto diso pola capitanía marítima correspondente, incluíndo as embarcacións de salvamento e rescate, así como calquera embarcación de servizo estatal, autonómico ou local.

*TÍTULO XI: PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTES NA ZONA DE BAÑO**ARTIGO 37. ACTIVIDADES*

- a) O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.
- b) O desenvolvemento de actividades como xogos de pelota, paletas e outros exercicios poderanse realizar sempre que non supoñan unha molestia para o resto dos usuarios ou que as dimensións da praia o permitan.
- c) Poderán desenvolverse as actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que, con carácter permanente, teña dedicadas o Concello á práctica de diversos deportes, xogos infantís etc., ou que estean debidamente balizadas ou sexan visibles para o resto de usuarios.

ARTIGO 38. DEPORTES ACUÁTICOS

Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, poderanse habilitar zonas, adecuadamente sinalizadas, para a práctica da actividade deportiva de surf, windsurf, bodyboard, piragüismo ou outros deportes similares, co fin de evitar os danos que a súa práctica lles poidan causar ao resto de usuarios. Tal e como indica a Dirección Xeral da Mariña Mercante, a práctica ou instrución de vela ou doutros artefactos flotantes realizárase, no posible, afastada da zona de baño.

Poderanse exceptuar do anterior os casos excepcionais, tales como os concursos, podendo autorizarse as prácticas deportivas citadas. Os organizadores e participantes deberán respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o Concello. Nestes casos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

*TÍTULO XII: VENDA NON SEDENTARIA**ARTIGO 39. VENDA AMBULANTE*

1. Como norma xeral, a venda ambulante só poderá ser realizada baixo as condicións de autorización municipal que se establezan nas ordenanzas e normativas aplicables para o efecto.
2. Considérase venda non sedentaria a venda ambulante e a realizada en puntos non estables por vendedores habituais ou ocasionais.
3. Unha autorización municipal especificará o tipo de produtos que poidan ser obxecto de venda, así como o lugar ou lugares precisos onde deba exercerse e as datas e o horario en que poderá levarse a cabo.
4. A autoridade municipal ou os seus axentes poderán requisarlles a mercancía a aquelas persoas non autorizadas que realicen a venda de calquera tipo de mercancía nas praias.

*TÍTULO XIII: RÉXIME SANCIONADOR**ARTIGO 40. INTERVENCIÓN*

Corresponderalle ao Concello exercer o control do cumprimento da presente ordenanza e das prescricións que se establezan nas respectivas licenzas ou autorizacións, esixir a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado.

En todo caso, o incumprimento ou inobservancia das normas da presente ordenanza, ou das condicións sinaladas nas licenzas ou en actos ou acordos baseados nesta ordenanza, quedará suxeito ao réxime sancionador que nas presentes disposicións se establece.

ARTIGO 41. INFRACCIÓNS

As infraccións das normas desta ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía-Presidencia dentro do ámbito das súas competencias, logo da incoación do oportuno expediente no que se terán en conta as

circunstancias que concorran en cada caso. Todo iso, sen prexuízo de pasarlle o tanto de culpa ao xulgado ou a remisión das actuacións practicadas ás autoridades competentes, cando así o determine a natureza da infracción.

ARTIGO 42. RESTAURACIÓN

Ademais da imposición da correspondente sanción, a Administración municipal adoptará as medidas pertinentes para a restauración da realidade física alterada e a orde xurídica infrinxida, coa execución subsidiaria, se proceder, das actuacións a cargo do infractor.

ARTIGO 43. GRADUACIÓN

- a) As infraccións tipificadas na lexislación específica serán sancionadas coas medidas e multas nela fixadas.
- b) As infraccións a esta ordenanza clasificaranse en:
 - leves
 - graves
 - moi graves

ARTIGO 44. INFRACCIÓNS LEVES

- a) A realización de actividades como xogos de pelota, paletas ou outros exercicios nas zonas e augas de baño que poidan molestar ao resto de usuarios, así como o acoutamento de campos ou zonas de xogo.
- b) Depositar residuos directamente sobre a area da praia ou no mar e o incumprimento das normas de limpeza por parte do usuario da praia que non se consideren graves no artigo seguinte.
- c) O uso dalgún aparello sonoro ou instrumento musical, cando polo seu volume de sonoridade lles cause molestias aos demais usuarios das praias.
- d) O uso indebido da auga das duchas e lavapés, así como lavarse no mar ou na praia utilizando xabón ou calquera outro produto de aseo corporal.
- e) Deixar instalados parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras, mesas ou outros complementos, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, polo simple feito de teren reservado un lugar na praia.
- f) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
- g) A venda ambulante sen autorización expresa, salvo que por normativa específica se regule outro tipo de sanción.
- h) A práctica de surf, windsurf ou outros deportes similares incumprindo as normas establecidas na presente ordenanza, e a varada, permanencia, pintado ou reparación de embarcacións, táboas de windsurf, hidropedales, motos acuáticas etc. fóra das zonas sinaladas e destinadas para tal fin.
- i) Practicar a pesca nun lugar ou en época non autorizada, salvo que por unha normativa específica se regule outro tipo de sanción.
- j) Calquera outra infracción a esta ordenanza que non estea expresamente cualificada como grave ou moi grave.
- k) A permanencia e baño dos usuarios naquelas zonas delimitadas para a entrada e saída de embarcacións.
- l) O uso de táboas esvaradoras na beira e na zona de ribeira.
- m) Abandonar calquera tipo de aparellos na praia.

ARTIGO 45. INFRACCIÓNS GRAVES

- a) As que reciban expresamente esta cualificación nesta ordenanza ou na lexislación sectorial aplicable.
- b) Bañarse cando estea izada a bandeira vermella.
- c) Facer lume na praia, así como usar grellas, bombonas de gas ou outros utensilios para facer lume, sen a autorización correspondente.
- d) A pesca, calquera que sexa a súa modalidade, en lugares, datas ou horarios non autorizados, así como o uso de escopeta submarina ou arpón que pola súa proximidade poida supor risco para a saúde e a seguridade das persoas.
- e) O incumprimento das normas de limpeza por parte dos titulares dos servizos de tempada da praia, ou de calquera outra actividade autorizada polo órgano competente.
- f) O depósito en papeleiras e similares de materiais en combustión por parte dos usuarios das praias.
- g) A presenza de animais na praia durante o horario de baño na tempada de baño.
- h) Dificultar, de xeito intencionado, as funcións do servizo público de salvamento recollidas no título V da presente ordenanza.
- i) O incumprimento dos requirimentos específicos que formule a Administración municipal, sempre que se produza por primeira vez.
- j) A resistencia a facilitar información ou fornecer información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro, implícita ou explicitamente ou prestarlle colaboración á Administración municipal ou aos seus axentes.
- k) O uso de vehículos non permitidos por toda a extensión da praia, en particular motos ou quads, con excepción dos utilizados polos servizos públicos de seguridade e emerxencias.
- l) Danar os colectores ou calquera mobiliario instalado na praia.
- m) Botar ou depositar na area ou no mar vidros ou envases metálicos, ou calquera elemento cortante ou punzante.
- n) O uso de bengalas e materiais pirotécnicos, salvo emerxencias ou urxencias.
- o) A acampada, instalar tendas de campaña, carpas, jaimas ou similares.
- p) Estacionar autocaravanas e remolques para tal fin en zonas de influencias.
- q) A celebración de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal previa.
- r) Que os cans ou outros animais que circulen polas praias fóra da tempada de baño lles causen molestias aos demais usuarios das praias, ou que as persoas que conduzan ou leven estes animais non adopten as medidas oportunas para impedir que estes lles causen molestias aos demais usuarios das praias.
- s) A reincidencia na comisión de infraccións leves.

ARTIGO 46. INFRACCIÓNS MOI GRAVES

- a) As que reciban expresamente esta cualificación na presente ordenanza ou na lexislación sectorial aplicable.
- b) A vertedura e depósito de materias que poidan producir contaminación e risco de accidentes e calquera conduta que comporte unha alteración ambiental que lles afecte á integridade física de terceiras persoas e/ou á seguridade e salubridade pública.
- c) Realizar calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar con preceptiva autorización.
- d) A circulación de embarcacións non autorizadas a unha distancia inferior a 200 metros da costa ou do balizado como zona de baño.

- e) A causa de calquera tipo de impacto negativo sobre a fauna ou a flora, tanto litoral como mariña.
- f) As que se realicen de forma consciente e deliberada, sempre que se produza un dano grave.
- g) O incumprimento reiterado dos requirimentos específicos formulados pola Administración municipal.
- h) A reincidencia na comisión de faltas graves nun ano.

TÍTULO XIV: SANCIONES

ARTIGO 47. SANCIONES

As sancións por infraccións da presente ordenanza serán as seguintes:

Apercibimento

- a) Infraccións leves: multa desde 60,00 ata 300,00 euros.
- b) Infraccións graves: multa desde 301,00 ata 1 500,00 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa desde 1 501,00 ata 3 000,00 euros.

ARTIGO 48. GRADACIÓN DAS SANCIONES

- a) Cando as disposicións legais non establezan outra cualificación, a determinación da contía das infraccións á presente ordenanza dependerá da posibilidade de producir un risco ou un perigo para a saúde e a seguridade das persoas, o medio ambiente ou o contorno en xeral.
- b) Na fixación das multas terase en conta, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

ARTIGO 49. RESPONSABILIDADE

- a) Son responsables das sancións tipificadas nesta ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito infractor por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas. Excepto nos supostos en que sexan menores de idade, que será cando responderán os pais, tutores ou aqueles que dispoñan da súa custodia legal.
- b) Son responsables, subsidiariamente, en caso de que non se poida identificar aos autores, os titulares ou propietarios dos vehículos ou embarcacións cos que se realice a infracción.
- c) En relación aos animais, en ausencia do propietario, será responsable subsidiaria a persoa que no momento de producirse a acción leva o animal.
- d) Son responsables os titulares das licenzas ou autorizacións cando, por motivo do exercicio dun dereito concedido nelas, realicen algunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.

ARTIGO 50. PROCEDIMENTO

1. Os expedientes sancionadores tramitaranse conforme as normas contidas no Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora e nas demais normas que sexan de aplicación.
2. A competencia para a resolución do expediente e a imposición das sancións previstas na presente ordenanza corresponderalle ao alcalde ou alcaldesa, sen prexuízo da súa delegación noutros órganos municipais.
3. O procedemento aplicable ao expediente sancionador será aquel previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real decreto 1398/1993 (Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora).

ARTIGO 51. PRESCRICIONES

1. As infraccións prescribirán:

- Moi graves: aos tres anos
- Graves: aos dous anos
- Leves: aos 12 meses

2. As sancións prescribirán:

- Moi graves: aos tres anos
- Graves: aos dous anos
- Leves: ao ano

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquire firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aplicarase desde a súa publicación no BOP e sempre que transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei reguladora das bases de réxime local, e terá vixencia ata a súa modificación ou derogación na forma prevista na lexislación vixente.

O Grove, 3 de abril de 2013.—O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2013003310

* * *

LALÍN**A N U N C I O**

Convocatoria de axudas para festas parroquiais, actividades culturais, educativas e dirixidas á xuventude.

O Concello de Lalín convoca axudas para a celebración de festas parroquiais e para a realización de actividades culturais, educativas e dirixidas á xuventude, conforme ás seguintes bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 25 de marzo de 2013.

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, EDUCATIVAS E DIRIXIDAS Á XUVENTUDE PARA O ANO 2013.

1.—FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1.1.—Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas destinadas a financiar programas de actividades de carácter cultural, educativo e dirixidas á xuventude promovidas por asociacións e entidades sen ánimo de lucro de Lalín, así como a celebración de festas parroquiais, que se realicen dentro do termo municipal de Lalín ao longo do ano 2013, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación..

1.2.—O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así coma na Base 25 de Execución do Presuposto do Concello para o exercicio 2012, e respetando o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

1.3. Convócanse subvencións polos seguintes importes e con cargo ao crédito consignado nas seguintes aplicacións orzamentarias: